Galicia Encantada



Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: Tres caracois [Sen clasificar / Not classified]

Tiñan tres caracoles unha empanada; dous eran máis maiores e un era pequenín, e ó máis pequeno chamábanlle Remoldiño. E marcharon a come-la empanada ó monte, e díxolle:

¡Ala, imos eiquí!

E levaban a empanada.

¡E olvidóuseno-lo viño! ¡Remoldiño, vai tu polo viño!

E dice Remoldiño:

Non, non vou, que coméde-la empanada.

Dixo:

Non; que non, que non a comemos.

Si que a comedes.

Non comemos, non.

Ata que mandaron a Remoldiño polo viño. E Remoldiño, en vez de marchar polo viño, quedou detrás dunha pedra escoitando a ver se lle comían a empanada. E pasaron dous días e Remoldiño non volvía co viño, e dixeron:

Bueno, Remoldiño non volve co viño, imos comer a empanada.

E saliu Remoldiño detrás dunha pedra e dixo:

¡Íbades come-la empanada sin min, lampantíns! ¡Pois ahora non vou polo viño!

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Transcrición da versión oral de MANUEL LÓPEZ DÍAZ, Candelos, Arroxo, A Fonsagrada (Lugo). 10 de decembro de 1999.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., «Unha polavila en Candelos. Literatura popular do concello da Fonsagrada», en Boletín do Museo Provincial de Lugo, X, pp. 137-176.

COMENTARIOS ENVIADOS

Me gustó mucho soy de Chile y mi amiga vive en Galicia y me recomendó esta página de cuentos y esta re bien

Enviado por Marina 22 años o 09/01/2018 ás 21:08:27